

CS/jv

Ref.: 2020037975

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 20 de novembro de 2020, aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2020, con cargo á aplicación 20/334.3340.462.04 do vixente Orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de vinte mil euros (20.000,00 €) para o “Mantemento do servizo de Normalización Lingüística”

Para poder percibila deberá xustificar a axuda concedida antes do 20 de maio de 2021, remitindo asinada por medios electrónicos a través do modelo “Instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> a seguinte documentación:

- Certificación da persoa responsable da Secretaría ou Secretaría-Intervención da entidade, na que conste que o Servizo Lingüístico xa estaba creado na data de publicación desta convocatoria; na que se indique expresamente a data de creación do Servizo Lingüístico, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico dos servizos lingüísticos locais e na que se declaren, así mesmo, as axudas recibidas para a mesma finalidade
- Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5
- Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención
- Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra.
- Compromiso da entidade do mantemento do SNL durante un tempo mínimo de dous anos desde a data de solicitude da subvención.

O secretario xeral

Por delegación, a xefa de Servizos Lingüísticos,
segundo R. p. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

CONCELLO DE REDONDELA (CIF: P3604500C)

